

Instrucións da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde de data do 27 de xullo de 2022 sobre medidas urxentes e excepcionais dirixidas a garantir a dispoñibilidade de persoal sanitario nos Puntos de Atención Continuada.

A pesares das medidas de planificación adoptadas polas xerencias das áreas sanitarias para garantir as presenzas mínimas de persoal médica/o durante o período estival, e compatibilizalas coas vacacións do persoal, están a producirse e poden producirse no futuro determinadas circunstancias -como vagas de calor, persistencia dun alto número de casos activos de coronavirus ou baixas laborais do persoal- que poñen en perigo a garantía desas presenzas mínimas; ademais, con relevantes consecuencias na carga de traballo noutros ámbitos de prestación, como as urxencias hospitalarias e o 061.

Sendo así procede acollerse ás facultades e marxe de actuación que outorga a normativa vixente (ver Anexo) e habilitar aos órganos centrais do Servizo Galego de Saúde e ás xerencias das áreas sanitarias para adoptar, en función das cadansúas competencias, as seguintes medidas extraordinarias e transitorias de xestión, reforzo e captación de profesionais, as cales se estenderán aos ámbitos e durante o tempo nos que resulten indispensables.

As medidas incluídas na presente instrución foron obxecto de negociación nas mesas sectoriais extraordinarias de datas 19 e 21 de xullo de 2022.

Por canto antecede, procede ditar as seguintes

INSTRUCCIÓNS

PRIMEIRA. Obxecto.

As presentes instrucións teñen por obxecto habilitar a adopción medidas extraordinarias e transitorias de xestión coordinadas e homoxéneas nas distintas áreas, para reforzo e captación de profesionais coa finalidade de garantir a dispoñibilidade de persoal médico nos puntos de atención continuada, así como tamén de se lo caso, de persoal de enfermería como reforzo en supostos concretos.

SEGUNDA. Ámbito temporal de aplicación.

O período de vixencia das presentes instrucións estenderanse desde o 15 de xullo ata o 18 de setembro de 2022, ámbolos dous días incluídos.

TERCEIRA. Medidas en materia de selección temporal.

En materia de selección e vinculación de persoal temporal adoptaranse as seguintes medidas:

1º- Oferta ao persoal da categoría de médico/a de familia con vínculo temporal sen nomeamento de longa duración, dun compromiso de vinculación estable dun ano prorrogable ata dous anos. O compromiso será voluntario e implicará a continuidade da cotización e garantía de servizo efectivo en virtude das necesidades planificadas con 15 días de antelación no ámbito correspondente.

2º.- A posibilidade de que profesionais con nomeamento de interinidade noutras categorías, que estean en posesión do título da especialidade de



Medicina Familiar e Comunitaria ou certificación acreditativa de estar habilitado para o exercicio da especialidade, ou do grao en Enfermería, poidan acceder á prestación de servizos nos PACs sen que resulte afectada, por este motivo, a vixencia do nomeamento da categoría de orixe polo que se acordará a suspensión do mesmo.

3º.- Posibilidade de ofertar ás persoas aspirantes de promoción interna nomeamentos de duración inferior a dous meses.

4º. - Suspensión voluntaria de vínculo ao persoal con nomeamento a tempo parcial para pasar a prestar servizos en nomeamento a tempo completo para a cobertura de ausencias diferentes ao do titular ao que substitúe.

5º.- Valorarase polas xerencias a suspensión das penalizacións previstas na normativa (agás as motivadas por incumprimentos moi graves dos aspirantes) durante o tempo necesario.

6º. A Xerencias poderán limitar temporalmente a autorización de novas suspensións de chamamento, así como proceder á revogación das suspensións xa concedidas.

7º.- A activación en lista logo da finalización de calquera suspensión será inmediata.

8º.- Sen prexuízo do que antecede, no suposto de indispoñibilidade transitoria de aspirantes nas listas vixentes, esgotado o procedemento indicado no Anexo III, A, punto *sexto* do Pacto sobre selección de persoal temporal (DOG Núm. 123, do 30 de xuño de 2016), impulsarase calquera outra medida que poida favorecer a dispoñibilidade de persoal (máis aló das persoas que xa figuren nas listas ou teñan presentado a súa solicitude de



inscripción) incluída a busca activa de aspirantes no Servizo Público de Emprego ou por medios de difusión para captación de persoal.

CUARTA. Medidas de ordenación para a garantía asistencial.

4.1. Gardas de relevo.

Implantarase o sistema de gardas de relevo en todas as áreas para activación do profesional médica/o de familia en réxime de localización por parte do directivo correspondente, en caso de necesidade de cobertura de ausencias imprevisibles nos fins de semana e días festivos. As gardas serán localizadas e retribuídas como tales, e no caso de ser requirida a presenza efectiva será retribuída como de presenza física.

A duración do programa de gardas de relevo será provisional, e poderá estenderse máis aló do período determinado na instrución segunda en tanto dure a situación de falta de persoal temporal ou pola alta incidencia de incapacidade temporal.

4.2. Axuste de calendarios para garantir as presenzas mínimas.

Con carácter excepcional, as quendas de traballo programadas no calendario poderán ser modificadas para garantir o funcionamento dos PAC coas presenzas mínimas de persoal médico e enfermeiro (nomeadamente as fins de semana).

A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria determinará as presenzas mínimas de cada ámbito e os correspondentes protocolos de actuación.



4.3. Insuficiencia da voluntariedade (extensión de xornada).

Unha vez esgotadas as posibilidades da prestación voluntaria (acordos publicados por orde do 4 de xuño de 2008) coa máxima difusión entre todo persoal médico e enfermeiro, recorrerase ás posibilidades de extensión de xornada previstas.

As posibles extensións de xornada terán carácter equitativo, e partirán polo tanto do control da xornada que veñan realizando os/as profesionais.

4.4. Realización da atención continuada (PAC) por parte do persoal residente en formación do último ano.

As xerencias das áreas sanitarias promoverán que o persoal residente en formación en Medicina Familiar e Comunitaria, de cuarto ano, realice gardas nos Puntos de Atención Continuada afectados xunto ao médico de familia do PAC obxecto de reforzo.

A mesma medida aplicarase para o persoal enfermeiro residente de último ano (enfermería familiar e comunitaria e enfermería pediátrica).

O criterio de asignación das gardas será por rotación, a proposta da unidade docente.

A retribución destas gardas complementarase ata percibir a contía equivalente á hora de garda actualmente vixente para o persoal estatutario da categoría de médica/o especialista e enfermeira/o respectivamente.



4.5. Outras medidas individuais.

As xerencias poderán realizar as seguintes medidas adicionais:

- Cambios na adscrición do persoal reingresado provisionalmente.
- Suspensión ou extinción de comisións de servizo.
- Modificación das ordes de servizo, de forma que se poida apoiar ás estruturas administrativas e prestar atención continuada nas áreas sanitarias.
- Habilitación de persoal médico de urxencias para realización de quendas en PAC así como habilitación ao persoal do 061 para prestación de servizos en quendas de PAC.
- Habilitación ao persoal directivo coa categoría de médico de familia o médico de urxencias que se mostre dispoñible para realizar quendas nos puntos de atención continuado polo tempo imprescindible coa remuneración correspondente.
- Habilitación ao persoal liberado sindical coa categoría de médico de familia o médico de urxencias que se mostre dispoñible para realizar quendas nos puntos de atención continuada polo tempo imprescindible coa remuneración correspondente.

4.6. Reforzo transitorio e excepcional con persoal doutros PAC.

A correspondente quenda excepcional noutro PAC distinto ao do destino de carteleira, en caso de ser imprescindible para garantir as presenzas mínimas,



será asignada a aquel persoal que no seu calendario non teña asignada actividade no día anterior nin no día posterior a quenda que se pretende cubrir. Con preferencia a profesionais que teñan menos xornada complementaria asignada no mes correspondente non podendo superarse as 190 horas/mes.

4.7. Participación en programas especiais.

Coa finalidade de incentivar as medidas extraordinarias previstas nas presentes instrucións, e a sucesión de eventualidades nalguns PACs, esta Dirección Xeral de Recursos Humanos poderá autorizar complementos de produtividade variable ligados a participación dos/as profesionais en programas especiais.

QUINTA. Outras medidas de reforzo e captación de profesionais.

5.1. As Xerencias das áreas poderán adoptar calquera outra medida que, no uso das súas facultades de reordenación e mobilidade sexan necesarias para o reforzo e captación de profesionais para a cobertura das presencias necesarias nos PAC, baseándose nun principio de voluntariedade e colaboración do persoal do sistema público de saúde que estean en posesión da especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria ou do grao en Enfermería.

5.2. Impulsaranse medidas que permitan a persoal especialista en Medicina Familiar e Comunitaria doutros ámbitos de actividade alleos ás áreas sanitarias, compatibilizar a súa actividade coa prestación de servizos ocasionais e excepcionais nos Puntos de Atención Continuada.

A Directora xeral de Recursos Humanos



do Servizo Galego de saúde
Ana María Comesaña Álvarez
(*sinatura dixital ao marxe*)

ANEXO NORMATIVO

1.- Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade

- Artigo 29.3:

“Cuando la defensa de la salud de la población lo requiera, las Administraciones Sanitarias competentes podrán establecer regímenes temporales y excepcionales de funcionamiento de los establecimientos sanitarios”.

- Artigo 87:

“Los recursos humanos pertenecientes a los Servicios del Área se considerarán adscritos a dicha unidad de gestión, garantizando la formación y perfeccionamiento continuados del personal sanitario adscrito al Área.

El personal podrá ser cambiado de puesto por necesidades imperativas de la organización sanitaria, con respeto de todas las condiciones laborales y económicas dentro del Área de Salud”.

2.- Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde

- Artigo 12.3:



“Los cambios en la distribución o necesidades de personal que se deriven de reordenaciones funcionales, organizativas o asistenciales se articularán de conformidad con las normas aplicables en cada servicio de salud. En todo caso, el personal podrá ser adscrito a los centros o unidades ubicados dentro del ámbito que su nombramiento precise”.

- Artículo 19:

“El personal estatutario de los servicios de salud viene obligado a:

(...)

f) Prestar colaboración profesional cuando así sea requerido por las autoridades como consecuencia de la adopción de medidas especiales por razones de urgencia o necesidad”

- Artículo 36:

“El personal estatutario, previa resolución motivada y con las garantías que en cada caso se dispongan, podrá ser destinado a centros o unidades ubicadas fuera del ámbito previsto en su nombramiento de conformidad con lo que establezcan las normas o los planes de ordenación de recursos humanos de su servicio de salud, negociadas en las mesas correspondientes”.

- Artículo 39.2:

“El personal estatutario podrá ser destinado en comisión de servicios, con carácter temporal, al desempeño de funciones especiales no adscritas a una determinada plaza o puesto de trabajo. (...)”.

- Artículo 47.2:



“A través de la programación funcional del correspondiente centro se podrá establecer la distribución irregular de la jornada a lo largo del año”

Nota: o artigo 46.2.j define a programación funcional do centro como as *“instrucciones que, en uso de su capacidad de organización y de dirección del trabajo, se establezcan por la gerencia o la dirección del centro sanitario en orden a articular, coordinadamente y en todo momento, la actividad de los distintos servicios y del personal de cada uno de ellos para el adecuado cumplimiento de las funciones sanitario-asistenciales”*.

- Artigo 51.1:

“(…) Mediante la programación funcional de los centros se podrán establecer jornadas de hasta 24 horas para determinados servicios o unidades sanitarias, con carácter excepcional y cuando así lo aconsejen razones organizativas o asistenciales. (...)”

- Artigo 59:

“1. Las disposiciones de esta sección relativas a jornadas de trabajo y períodos de descanso podrán ser transitoriamente suspendidas cuando las autoridades sanitarias adopten medidas excepcionales sobre el funcionamiento de los centros sanitarios conforme a lo previsto en el artículo 29.3 de la Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad, siempre que tales medidas así lo justifiquen y exclusivamente por el tiempo de su duración.

La adopción de estas medidas se comunicará a los órganos de representación del personal.

2. Las disposiciones de esta ley relativas a jornadas de trabajo y periodos de descanso podrán ser suspendidas en un determinado centro, por el tiempo imprescindible y mediante resolución motivada adoptada previa consulta con los representantes del



personal, cuando las circunstancias concretas que concurran en el centro imposibiliten el mantenimiento de la asistencia sanitaria a la población con los recursos humanos disponibles.

En este caso, se elaborará un plan urgente de captación de recursos humanos que permita restituir la normalidad en el mantenimiento de la asistencia sanitaria.

3. Las medidas especiales previstas en este artículo no podrán afectar al personal que se encuentre en situación de permiso por maternidad o licencia por riesgo durante el embarazo o por riesgo durante la lactancia natural”.

3.- Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro)

- Artigo 81.2:

”2. Las Administraciones Públicas, de manera motivada, podrán trasladar a sus funcionarios, por necesidades de servicio o funcionales, a unidades, departamentos u organismos públicos o entidades distintos a los de su destino, respetando sus retribuciones, condiciones esenciales de trabajo, modificando, en su caso, la adscripción de los puestos de trabajo de los que sean titulares. Cuando por motivos excepcionales los planes de ordenación de recursos impliquen cambio de lugar de residencia se dará prioridad a la voluntariedad de los traslados. Los funcionarios tendrán derecho a las indemnizaciones establecidas reglamentariamente para los traslados forzosos.”.

4.- Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia

- Artigo 115.8:



“Sen prexuízo do posto de traballo do que o profesional acredite a súa titularidade e do ámbito determinado no seu nomeamento, os profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia consideraranse adscritos á área de saúde onde radique o seu destino”.

- Artigo 115.9:

“A Administración sanitaria poderá trasladar, temporal ou definitivamente, o seu persoal, cando existan razóns de imperiosa necesidade da organización sanitaria, variando a adscrición dos postos de traballo dos que sexan titulares, con dereito ao mantemento das súas retribucións e ao aboamento das indemnizacións establecidas regulamentariamente. O cambio da adscrición definitiva dos postos de traballo realizarase logo da consulta ás organizacións representadas na mesa sectorial. Cando a variación da adscrición dos postos se incardine no seo dun plan de ordenación de recursos humanos levarase a cabo logo da negociación na mesa correspondente”.

- Artigo 124:

“Os profesionais poderán prestar servizos conxuntos en dous ou máis centros, aínda cando manteñan a súa vinculación a un só deles, cando se manteñan alianzas estratéxicas ou proxectos de xestión compartida entre distintos establecementos sanitarios, ou así o demanden necesidades urxentes e inaprazables para garantir a asistencia sanitaria en todas as áreas do Sistema Público de Saúde de Galicia. Para estes efectos poderanse expedir nomeamentos ou ditar ordes de servizos específicos vinculados aos citados proxectos ou á cobertura das necesidades asistenciais”.

5.- Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde



- Artigo 31:

"Movilidade forzosa no ámbito da área sanitaria.

"Excepcionalmente os directores ou xerentes dos centros e establecementos sanitarios do Servizo Galego de Saúde, ou, de ser o caso, os directores das áreas sanitarias, poderán cambiar, temporal ou definitivamente, o persoal de posto de traballo, localidade ou centro, dentro da mesma área sanitaria, sempre que a medida estea xustificada por razóns imperativas da organización sanitaria. (...)"

- Artigo 32:

"Reordenación de ámbito superior á área sanitaria. Plan de reordenación de recursos humanos.

As reordenacións colectivas de persoal que impliquen mobilidade entre áreas sanitarias deberán incorporarse a un Plan de ordenación de recursos humanos"

